

NÚMERO 11/16

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2016.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e nove de setembro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. Ariadna Rodríguez Teijeiro, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Non asiste, escusando a súa ausencia, a concelleira D^a. Zeltia Natividade García Ben. Hai unha vacante sen cubrir.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación de actas de sesións anteriores.-

Apróbase por unanimidade as actas das sesións 8/2016, do 30 de xuño, 9/2016, de 28 de xullo e 10/2016, de 25 de agosto, logo de informar o sr. Secretario da corrección na acta 9/2016 dun erro consistente en reflectir a asistencia do interventor en lugar da interventora accidental.-

2º.- Toma de posesión do cargo de concelleira de D.^a María Pardo Fafián.-

Infórmase á Corporación de que a Xunta Electoral Central, en aplicación do artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, expediu en data 15-9-2016 credencial acreditativa de que D.^a María Pardo Fafián foi designada concelleira desta Corporación, pola lista de candidatos do Partido Socialista de Galicia PSOE, para cubrir a vacante producida por renuncia de D. Marcos Villar López.-

Visto que a nova concelleira está presente co obxecto de tomar posesión do seu cargo e que segundo dilixencia obrante no expediente a mesma presentou as declaracións ás que fai referencia o artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, no modelo oficial aprobado polo Pleno, unha vez comprobada a credencial da concelleira electa e tras prestar esta xuramento de acatamento á Constitución na fórmula establecida polo Real Decreto 707/1979, a Alcaldía dálle posesión do seu cargo, pasando a nova concelleira a tomar parte na sesión.-

3º.- Proposta da Alcaldía sobre modificación da relación de cargos municipais con réxime de dedicación exclusiva e parcial.-

Sométese a debate o ditame da Comisión Xeral sobre variación do réxime de dedicación das concellerías delegadas de Cultura e Praias e de Educación, Xuventude e Saúde, en función do volume de asuntos que debe atender cada unha de ditas concellerías e a carga de traballo non programable que debe atender a distintas horas do día a Concellería delegada de Educación, Xuventude e Saúde, para optimizar o funcionamento do goberno municipal sen incrementar o gasto correspondente.-

O sr. Anido, tras dar a benvida á nova concelleira, di que unha vez máis celébrase unha sesión baldeira de contidos que afecten aos intereses xerais de Sada; di que non sabe se esta proposta obedece a que o alcalde se equivocou anteriormente, se obedece a motivos persoais ou se é por circunstancias relativas ao interese xeral, e que o seu grupo non está de acordo con ela porque se pon dedicación exclusiva a unha concellería cuxas competencias son da Xunta de Galicia e dedicación parcial a unha concellería cuxas competencias son exclusivamente municipais; aínda que consideran errónea a proposta, o grupo PP garantíu a gobernabilidade sen apoiar ao goberno, polo que van absterse.-

A sra. Bolaño explica o motivo desta proposta dicindo que todas as cuestións que teñen que ver con educación e saúde xestiónanse normalmente de mañá, no horario lectivo mentres as cuestións de cultura normalmente ocupan máis o espazo da tarde e noite, e con este criterio o goberno estrutura as súas áreas, ademais de que tamén se asigna dedicación exclusiva á concellería que leva a primeira tenencia de alcaldía, pois é lóxico que nas ausencias do alcalde a primeira tenente de alcalde estea en horario de mañá para atender aos asuntos do concello.-

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría, con nove votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Modificar a relación de cargos con dedicación exclusiva e con dedicación parcial, aprobada por acordo plenario de 4-7-2015, establecendo o exercicio con dedicación exclusiva do cargo da Concellería delegada de Educación, Xuventude e Saúde e o exercicio con dedicación parcial do cargo da Concellería

delegada de Cultura e Praias, sen variación das restantes determinacións do réxime retributivo establecido en dito acordo.-

2º.- A presente modificación do réxime de dedicación dos cargos anteditos será de aplicación desde a data da súa aceptación expresa por parte dos seus titulares, o que se comunicará ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.-

3º.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.-

O sr. Anido considera que o presuposto da obra debería incluso de reenumerarse, van votar en contra porque creen que non é correcto que no presuposto apareza unha cousa e no proxecto apareza outra.-

Efectuada votación, apróbase por maioría, con nove votos a favor e seis en contra, o seguinte acordo:

Aprobar a corrección dos erros advertidos no proxecto técnico da obra de "Pavimentación, servizos e accesibilidade no entorno do campo de Fútbol As Mariñas", incluída no POS 2016, suprimindo do documento de Medicións e Presuposto do proxecto mencionado a referencia á partida 403 do capítulo 4 de Xardinería e mobiliario urbano, sen variación do presuposto do proxecto.-

4º.- Modificación de crédito 26/2016. Suplemento de crédito 01/2016: Recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro 2012 do persoal municipal (disposición adicional décimo segunda da Lei 48/2015).-

Dáse conta do ditame da Comisión Xeral favorable á proposta de expediente de modificación de crédito tramitado aos efectos de incluír no orzamento os créditos necesarios para a recuperación da parte de paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 que os empregados públicos deixaron de percibir pola aplicación do RD Ley 20/2012, en cumprimento do establecido na disposición adicional décimo segunda da Lei 48/2015 de Orzamentos Xerais do Estado para 2016.-

Os voceiros dos grupos PDSP, PSOE e PP maniféstanse a favor desta medida e o sr. Alcalde engade que con este acordo se leva a cabo a última parte do pago da débeda co persoal municipal.-

Efectuada votación acórdase por unanimidade:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos nº 26/2016, baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, destinada á recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro 2012 do persoal municipal, por un importe global de 79.567,43.- euros, segundo o seguinte detalle:

GASTOS.- INGRESOS.-

Aplicación.-	Descripción.-	Importe.-	Concepto.-	Descripción.-	Importe
132.12001.-	Policía Local básicas A2	939,08.-	87000.-	RTGX.-	939,08
132.12003.-	Policía Local básicas C1.	13642,9.-	87000.-	RTGX.-	13642,9
132.12004.-	Policía Local básicas C2.	1250,73.-	87000.-	RTGX.-	1250,73
132.16000.-	Policía Local. Seguridade Social.	446,44.-	87000.-	RTGX.-	446,44
135.13000.-	Protección civil básicas laboral fixo.	4777,45.-	87000.-	RTGX.-	4777,45
151.12000.-	Urbanismo básicas A1.	1146,5.-	87000.-	RTGX.-	1146,5
151.12001.-	Urbanismo básicas A2.	813,57.-	87000.-	RTGX.-	813,57
151.12003.-	Urbanismo básicas C1.	1614,05.-	87000.-	RTGX.-	1614,05
151.12004.-	Urbanismo básicas C2.	583,19.-	87000.-	RTGX.-	583,19
151.13000.-	Urbanismo básicas laboral fixo.	1617,09.-	87000.-	RTGX.-	1617,09
160.13000.-	Saneamento básicas laboral fixo.	1167,98.-	87000.-	RTGX.-	1167,98
164.13000.-	Cemiterio básicas laboral fixo.	584,24.-	87000.-	RTGX.-	584,24
1722.13100.-	Praias laboral temporal.	3666,74.-	87000.-	RTGX.-	3666,74
2310.12001.-	Servizos sociais básicas A2.	2442,91.-	87000.-	RTGX.-	2442,91
2310.12004.-	Servizos sociais básicas C2.	1272,36.-	87000.-	RTGX.-	1272,36
2310.13000.-	Servizos sociais básicas laboral fixo.	1749,64.-	87000.-	RTGX.-	1749,64
2311.13000.-	Xuventude básicas laboral fixo.	1789,48.-	87000.-	RTGX.-	1789,48
2410.12004.-	Emprego básicas C2.	572,24.-	87000.-	RTGX.-	572,24
2410.13000.-	Emprego básicas laboral fixo.	788,88.-	87000.-	RTGX.-	788,88
2410.13100.-	Emprego laboral temporal.	3548,91.-	87000.-	RTGX.-	3548,91
2411.13000.-	CFO básicas laboral fixo.	1431,55.-	87000.-	RTGX.-	1431,55
330.13000.-	Cultura básicas laboral fixo.	1731,41.-	87000.-	RTGX.-	1731,41
3230.13000.-	Educación básicas laboral fixo.	1009,32.-	87000.-	RTGX.-	1009,32
3321.12001.-	Biblioteca básicas A2.	818,86.-	87000.-	RTGX.-	818,86
3321.13000.-	Biblioteca básicas laboral fixo.	1086,45.-	87000.-	RTGX.-	1086,45
3321.13100.-	Biblioteca laboral temporal.	615,98.-	87000.-	RTGX.-	615,98

3321.16000.- Biblioteca. Seguridade Social.- 201,43.- 87000.- RTGX.- 201,43
432.13000.- Turismo básicas laboral fixo.- 556,39.- 87000.- RTGX.- 556,39
432.16000.- Turismo. Seguridade Social.- 181,94.- 87000.- RTGX.- 181,94
491.13100.- Sociedade información laboral temporal.- 2995,9.- 87000.- RTGX.- 2995,9
491.16000.- Sociedade información. Seguridade Social.- 196,02.- 87000.- RTGX.- 196,02
9200.12000.- Administración Xeral básicas A1.- 1674,22.- 87000.- RTGX.- 1674,22
9200.12001.- Administración Xeral básicas A2.- 1096,36.- 87000.- RTGX.- 1096,36
9200.12003.- Administración Xeral básicas C1.- 2656,99.- 87000.- RTGX.- 2656,99
9200.12004.- Administración Xeral básicas C2.- 4207,31.- 87000.- RTGX.- 4207,31
9200.12005.- Administración Xeral básicas E.- 534,54.- 87000.- RTGX.- 534,54
9200.13000.- Administración Xeral básicas laboral fixo.- 474,23.- 87000.- RTGX.- 474,23
9200.16000.- Administración Xeral. Seguridade Social.- 208,87.- 87000.- RTGX.- 208,87
9201.12005.- Brigada servizos básicas E.- 652,02.- 87000.- RTGX.- 652,02
9201.13000.- Brigada servizos básicas laboral fixo.- 5435,88.- 87000.- RTGX.- 5435,88
9201.16000.- Brigada de servizos. Seguridade Social.- 46,75.- 87000.- RTGX.- 46,75
931.12000.- Política económica e fiscal Básicas A1.- 2871,84.- 87000.- RTGX.- 2871,84
931.12001.- Política económica e fiscal básicas A2.- 320,52.- 87000.- RTGX.- 320,52
931.12004.- Política económica e fiscal básica C2.- 2886,66.- 87000.- RTGX.- 2886,66
912.11000.- Órganos de goberno eventual.- 950,72.- 87000.- RTGX.- 950,72
912.16000.- Órganos de goberno. Seguridade Social.- 310,89.- 87000.- RTGX.- 310,89
Totais: 79567,43.- 79567,43.-

2º.- Expoñer ao público o expediente mediante anuncio no Boletín oficial da provincia por prazo de quince días hábiles para presentación de reclamacións conforme ao disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose aprobado definitivamente aquel no caso de non presentarse reclamacións durante dito período de exposición pública”.-

Control de Órganos de Goberno:

5º.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 22-8-2016 a 23-9-2016.-

6º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico a sra. Salorio presenta a moción do grupo PP relativa á mellora do mercado municipal, xustificando a súa urxencia na necesidade de dar resposta ás demandas dos placeiros ante o mal estado que presentan as instalacións.-

O sr. Suárez, tras darlle a benvida á nova concelleira, ofrecerlle colaboración e desexarlle sorte, nega o carácter urxente desta moción dicindo que o grupo PP xestionou durante catro anos este mercado e non fixo todo o que se necesitaba en tempo e forma, de xeito que cando entrou o novo goberno municipal achouno en estado lamentable e desde o primeiro día levou a cabo melloras concretas, como desratizar, pintar o chan, dotalo dun quentador e dun peche electrónico, etc. Polo que agora esta instalación é manifestamente mellorable pero xa non está en estado lamentable.-

Sometida a votación a declaración de urxencia da moción, é a mesma desestimada por sete votos a favor e nove en contra.-

7º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Rodríguez Ares quere lembrar á Corporación a existencia dun Regulamento Orgánico vixente onde se regula o réxime de funcionamento, os dereitos e deberes que a Lei atribúe aos membros do Concello, posto que con frecuencia o voceiro do grupo PP incumpre os tempos marcados para intervencións e se desvía do asunto obxecto do debate, facendo largas, improcedentes e tediosas as súas intervencións; os tempos de intervención son os que establece o artigo 50 do Regulamento e roga ao sr. Alcalde que corrixa estas anomalías que desvirtúan e entorpecen a boa marcha da sesión plenaria, antes de que esta chegue a converterse en xogo revoltado. O sr. Alcalde está de acordo en que moitas veces algúns portavoces, incluso el mesmo, excédense no uso da palabra, pero tal vez deba estudarse a conveniencia de variar a regulamentación pois hai debates en que os tempos de intervención resultan insuficientes, especialmente na quenda de réplica. Recoñece ser ás veces permisivo e afirma que deberá cumprirse o ROM mentres estea vixente sen prexuízo de tratar de modificalo a prol dunha maior participación cidadá.-

O sr. Gómez presenta os seguintes rogos e preguntas:

1) Lembra que durante o último pleno o portavoz do PP preguntou se as obras realizadas por Abanca para tapiar os ocios da planta baixa do hotel contaban con licenza municipal e autorizacións sectoriais, respecto do cal el pediu que se investigara se durante o anterior mandato o propio concello destinou recursos públicos para realizar eses mesmos traballos no edificio que era propiedade privada: pregunta se o sr. Alcalde o indagou, pero di ter xa coñecemento de que en novembro de 2013 o sr. Anido firmou un decreto ordenando tapiar as entradas ao hotel. O sr. Alcalde di que os traballos pediron a comunicación previa pertinente porque é unha obra menor.-

2) En relación con recentes críticas ao proxecto municipal do carril-bici que estima provenientes dun arquitecto amigo do sr. Anido, que traballou moito para o Concello no mandato anterior e que fixo proxectos como o da rotonda de Barrié de la Maza, pregunta á Alcaldía se o proxecto de carril bici cumpre as normativas en materia de seguridade. O sr. Alcalde responde que ese proxecto foi redactado por técnico competente co obxectivo dunha mobilidade sostible que non interfira como estaba interferindo na parte do paseo marítimo.-

3) Pregunta ao sr. Alcalde se lembra que aínda non lle respondeu por escrito ás súas preguntas sobre se apareceu ou segue desaparecido o expediente sobre o último intento de contratar de novo ao arquitecto Javier Corredoira por parte do anterior alcalde e sobre se o interventor presentou algún reparo ao pago das nóminas da coordinadora.

4) Di que quere preguntar ao sr. Secretario, sendo informado de que as preguntas son cuestións que se dirixen aos órganos de goberno. O sr. Gomez di que o sr. Anido acusou ao sr. Secretario de omitir parte da verdade nunca declaración xudicial, nunhas declaracións súas na prensa de 28 de maio pasado nas que tras recoñecer que concertara unha cita entre a coordinadora e dito funcionario afirmou que este omitiu que houbo mais citas con aspirantes ao posto. Cre que convén aclarar esta cuestión nun asunto que próximamente vai ser xulgado e pregunta se o sr. Secretario tivo algunha reunión con outros aspirantes.-

5) Di que quere felicitar á sra. Salorio que pode ser nomeada proximamente deputada autonómica nun posto en principio reservado ao sr. Anido, ata que o sr. Feijoo decidiu que non quere imputados por corrupción na lista electoral.-

O sr. Alcalde di que xa contestou ao sr. Anido que as obras do hotel foron obxecto de comunicación previa por tratarse de obras menores.-

O sr. Anido di que o sr. Rodríguez ten en común co goberno da marea a ira ante a derrota e por isto apoia ao goberno do sr. Portela, e quere que o rogo que dito concelleiro fixo o apliquen primeiro a eles mesmos; considera que o arquitecto sr. Corredoira fixo uns traballos máis que aceptables, como a reforma do edificio administrativo ou a rotonda de Barrié, que pode cambiar este goberno se non lle gusta. Lamenta que mentres un concello como Oleiros loita polo acceso ao porto de Lorbé o goberno de Sada non actúa da mesma forma para defender o porto de Sada, e mentres Oleiros está comprando por 600.000 euros un edificio para que sexa público, aquí aínda se critica a intención de comprar por 750.000 euros un edificio que é dez veces máis grande, proposta da que se sinte orgulloso. Por isto roga que o sr. Alcalde cambie as súas políticas e actitudes e deixen de torpedear o futuro de Sada. O sr. Alcalde pregunta se se trata dun rogo ou dun espiche; o sr. Anido di que o sr. Alcalde é o alcalde de todos e non está aí para criticar as intervencións dos concelleiros, el non lle faltou ao respecto ao sr. Alcalde, está facendo crítica ao goberno municipal e roga que o sr. Alcalde cambie de actitudes. O sr. Alcalde dille ao sr. Anido que él tamén ten que cambiar de actitudes.-

A sra. Salorio di que, xa que a súa moción non prosperou, transmite as peticións dos placeiros e veciños para que se actualice o mantemento do mercado municipal e que se destine a isto unha partida do Presuposto municipal. O sr. Alcalde di que hai 40.000 euros en investimentos de promoción económica no orzamento de 2016. A sra. Salorio detalla as deficiencias do mercado, como a falta de papel hixiénico e auga quente, falta de pintura antideslizante, humidades, ademais de postos vacantes sen adjudicar. Dille ao sr. Gómez que non cre que o Presidente da Xunta teña reservado un posto para ninguén e o seu nomeamento foi en recoñecemento do labor deste grupo municipal e dos resultados das eleccións.-

O sr. Suárez di que é grave que o mercado non teña papel hixiénico, que mañá mesmo se lle poñerá, pero cando entrou este goberno municipal a situación era moito peor, pois tiña incluso podrida a verxa e eles non tardaron en cambiala; o quentador estará deteriorado, pero o que hai o puxo este goberno, levaban dez anos sen el. Houbo varias visitas de Sanidade e hai un informe de inspección favorable ao mercado. Di que a feira de turismo de xaneiro serviu entre outras cousas para incluír o mercado municipal na rede mundial de mercados e para que o mercado municipal participara este ano no día

internacional do mercado. Di que o goberno municipal tratará de facer todo o posible para que o mercado municipal de Sada estea á altura do que ten que estar un mercado municipal.-

O sr. Alcalde agradece a preocupación polo estado do mercado municipal, e di que lle sorprende cando chegou ao goberno que na primeira visita ao mercado municipal no verán de 2015 estaban os extintores con dous anos pasadas a revisión periódica, daquela a preocupación do mercado municipal non era tanta. Di que se reuniu coa Subdirectora Xeral de Comercio e en relación coa subvención para melloras nos mercados municipais pediu que se tivera en conta que hai moitos mercados municipais que non se atopan en locais de propiedade pública e que por isto non poden acceder a esa liña de axudas.-

O sr. López Mallo reitera unha pregunta que di ter feito hai catro ou cinco meses sobre a dirección prohibida na zona da Praciña do Conde, se se quere manter a dirección prohibida, que se acometan as accións necesarias e senón que se rectifique e se cambie. O sr. Alcalde informa das solucións estudadas para a zona, complicada de solventar, e di que o Plan Xeral busca unha solución de mobilidade para a Praciña do Conde a longo prazo que tamén pode ser unha solución para unha nova reubicación do mercado.-

A sra. García, transmitindo a petición dalgún veciño, roga que se adopte medidas en relación coa maleza das fincas que hai tras o edificio da ferretería Ro-Mi-A. O sr. Alcalde di que precisamente a semana pasada empezou a limpeza desas parcelas, tras o procedemento de execución subsidiaria tramitado polo Concello. Fala o sr. Alcalde doutros procesos de execución subsidiaria que se tramitan, explicando a acción municipal substitutoria da inactividade dalgunhas promotoras e dos cobros posteriores a estas dos gastos devengados. O sr. Anido da todo o seu apoio nesta cuestión, pero o sr. Alcalde debe levar a cabo a moción que eles presentaron para esixir responsabilidades aos que autorizaron esas actuacións. O sr. Alcalde di que non lle temblará o pulso para adoptar as medidas que sexan precisas.-

Non habendo outros asuntos que tratar o sr. Alcalde levanta a sesión ás vinte horas e corenta e tres minutos do día ao comezo indicado, e dela esténdese esta acta. Do cal eu, o Secretario, dou fe.-